

Suplemento
realizado
en parceria
pola Mesa pola
Normalización
Lingüística
e por Sermos
Galiza

Quinta feira,
10 de marzo
de 2016
Número 7

Diversas forzas políticas mostran o seu apoio a unha moción que pretende “facer visíbel en Galiza e no mundo que somos maioría quen queremos poder exercer con total liberdade o dereito a vivirmos na nosa lingua, e que o pobo galego tamén quere que o seu goberno cumpra cos acordos. >>>>> 4

Fronte común para vivir na nosa lingua



Xaquín Soliño. No interior: GZ Contrainfo

A Xunta teima en incumprir a Carta Europea das Linguas

O Comité de Expertos do Consello de Europa para a Carta Europea das Linguas advirte da violación do tratado internacional >>>>> 5

O activismo social consegue mudar actitudes

>>>> 7-8

Entrevista a Fran Amil que, coa tribo incomprendible, puxo música a diferentes poemas de Manuel María en *A voz do vento*.

Liberdade incondicional para o galego

Editorial

A democracia, a liberdade, ten que chegar ao galego. Que liberdade de falar en galego temos se non se activan todos os mecanismos para garantir que o alumnao teña capacidade e coñecementos para o utilizar? (artigo 8 da CELRM). Onde está a liberdade para expresámonos en galego diante da xustiza cando xuízas ou fiscais non teñen obriga de o coñecer? /art. 9 da CELRM? Somos libres para optar polo galego na administración cando non podemos modificar a lingua de atención, formularios ou cando se nos obriga a usar o castelán, nomeadamente na administración estatal? (Art.10 da CELRM); Onde está a oferta ampla, para escoller libremente, prensa, radio, televisión en galego? (art 11 da CELRM); Cal é a mínima porcentaxe de empresas que facilitan o uso do galego? (art. 13 da CELRM), En que dial dos nosos televisores ou radios podemos sintonizar variedades transmiñotas ou transoceánicas da nosa lingua? (art. 14 da CERLM)?


A quen fai dano que optemos por vivir a nosa vida na nosa lingua, nas mesmas condicións que outros pobos viven na súa? As limitacións do galego, sonlle propias ou están condicionadas por políticas e accións que no mellor dos casos (o da situación actual) reducen a nosa lingua- e xa que logo os seus falantes, persoas de carne e óso- a status de liberdade condicional, onde se permite o uso da nosa lingua se non cuestiona a superioridade da outra. Permítese por lei a aparencia. Máis nada.

Cando se trata do galego, os acordos son lentos e precisan moita enerxía para seren ratificados. Semella máis fácil rachalos. Un paso adiante e outro atrás. O último a Declaración de unidade a prol da normalización da lingua galega, asinado por todas as forzas políticas de Galiza, coa súa continuación o 15 de febreiro, efecto práctico dela, cunha moción conxunta de todos os partidos para o cumprimento da CELRM e a consecuente derogación do Decretazo contra o galego que, como ben sinala o Comité internacional de expertos que avaliou o seu cumprimento no Estado español, vulnera a Carta e –engadimos nós- todos os acordos tomados en Galiza. O Partido Popular ausentouse do apoio á moción. Da parte da Mesa, como promotora destes acordos, esperamos ao PP – debe apoiar a lingua, apropiarse tamén dela- non só coa retórica senón con efectos prácticos, mais non podemos agardar. Non é certo que a lingua non sexa de ninguén. É nosa, de todas e todos, e como todo o patrimonio colectivo – a lingua é a máis grande creación común do pobo galego- é a nosa obriga coidada e preservada, non como peza de museo ou contemplación, senón como ser vivo que é que precisa de liberdade, sustento, dereitos e deberes como calquera outra.

Estará normalizada cando poida ser empregada polas accionistas da maior empresa de Galiza, ou polo último traballador de da última empresa pública ou privada, polos seus representantes sindicais, políticos ou asociativos.

CANDO SE TRATA DO GALEGO, OS ACORDOS SON LENTOS E PRECISAN MOITA ENERXÍA PARA SEREN RATIFICADOS

Acordo unánime para activar, como mínimo, todos os acordos a favor do galego. Por enumerar algúns: A Lei de normalización lingüística, o Plan xeral de normalización da lingua galega, ou a Carta europea das linguas rexionais e minorizadas.



Para mellorarmos a calidade da nosa lingua

O futuro de subxuntivo

Xosé Ramón Freixeiro Mato


O futuro de subxuntivo (FS) constitúe un caso ben singular no galego: todas as gramáticas, desde as primeiras do século XIX até as actuais, o incluíron sempre entre os paradigmas verbais e, porén, o seu uso é moito escaso –e non poucas veces incorrecto– no galego escrito moderno e case nulo na oralidade. Paga a pena insistirmos, pois, na súa aprendizaxe e uso? Adiantarei que si, pois é un trazo definidor do galego historicamente e unha pedra de toque da calidade lingüística.

Nos verbos regulares e semirregulares o FS coincide formalmente co infinitivo flexionado (*comer, comeres, comer, comermos, comerdes, comeren*). No entanto, nos verbos irregulares as formas do FS derivan directamente do tema de pretérito: do verbo facer o pretérito dános un tema *fix-* de onde se forma o FS *fixer, fixeres, fixer, fixermos, fixerdes, fixeren*. Na época medieval tiña plena vixencia funcional e nos séculos do galego medio o seu uso sen dúbida

continuou vivo. A sobrevivencia deste tempo no século XIX, embora en recuamento, fica demostrada pola súa presenza significativa en textos literarios e nos da tradición oral. Será no século XX cando o emprego tamén literario do FS vai descender notabelmente e cando aparece un uso del non acorde coas normas gramaticais. Isto é máis un fenómeno de interferencia do español e, por tanto, o seu uso correcto debe restituírse desde o ámbito culto, como se está a facer con *Deus, galego, pobo, de chegaren eles* (por **de chegar eles*) etc. Mais convén insistirmos na corrección, pois está suxeito a moitas restricións. Atención, pois, xa que os casos en que se utiliza deben ser aprendidos teoricamente ao non se transmitiren de modo espontáneo na oralidade vigorante.

O FS marca a eventualidade no futuro, a se situar na posterioridade ao momento da enunciación; nunca se utiliza como verbo autónomo en cláusulas simples e só aparece como núcleo da frase verbal en cláusulas dependentes que están en correlación con outras co verbo en futuro, presente de indicati-

Xosé Ramón Freixeiro Mato é catedrático de Filoloxías Galega e Portuguesa na Universidade da Coruña. As súas principais liñas de investigación son a gramática galega e a lingüística textual, a lingua literaria e a estilística, e a historia externa da lingua, a sociolingüística e a calidade lingüística.



Vinte anos non é pouco. Vinte anos non é nada!



vo ou subxuntivo e imperativo. Esas cláusulas son as condicionantes (Se quixerdes, vinde); circunstanciais temporais (*Cando chegares, avisa*), locativas (*Déixao onde che parecer*) e modais (*Faino como vires*); e as comparantes e intensificantes propias das bipolares comparativas (*Cobra tanto como considerares*) e proporcionais (*Conforme chegaren, anota os nomes*) respectivamente, ben como as relativas (*Que veñan os que quixeren*) e noutras construcións do tipo de *Sexa como for* ou *Faga o que fixer*. Mais sempre en correlación cun verbo principal que estea nos tempos indicados: é incorrecto o enunciado **Se for rico, compraría unha quinta* porque aquel está en pospretérito (ou condicional). Este tempo non permite o uso do FS na cláusula dependente, a pesar de acharmos casos destes en obras de recente publicación que pasan por revisión lingüística.

É recomendábel, desde o ámbito formalizado da lingua, darmos preferencia ao uso do FS nos casos correctos, a pesar de existiren outras posibilidades. Mais, a termos en conta que onde máis se veu utilizando desde a época medieval é nas oracións condicionais lato sensu, debe con-

siderarse prescriptivo o seu uso nas cláusulas condicionantes con *se* (*Se chegares antes das dez, chámame*), nas circunstanciais temporais con *cando* con valor condicional (*Irei cando cumprires a túa palabra*), nas circunstanciais modais con *segundo* ou *conforme* que tamén tiveren un matiz condicional (*Conforme traballaren, así cobrarán*) e nas relativas igualmente con valor condicional (*Aprobarán as que máis estudaren*).

O FS e o infinitivo flexionado, á parte dos seus propios valores, posúen hoxe o mérito acrecentado de seren trazos de estilo reveladores dunha vontade de autenticidade lingüística por parte de escritores e escritoras, e de utentes da lingua en xeral. O FS, varrido da fala actual mais con suficiente arraigamento na lingua escrita historicamente, é boa mostra da premeditación con que todas as persoas interesadas no futuro do galego debemos contribuír para terminar de conformarmos un modelo de lingua culta de calidade. As propias normas oficiais afirman que “cómpre restaurar o seu uso, sempre dentro dos límites da corrección estabelecidos pola gramática”.

O FUTURO DE SUBXUNTIVO É UN TRAZO DEFINIDOR DO GALEGO E UNHA PEDRA DE TOQUE DA CALIDADE LINGÜÍSTICA

Nestes días a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) celebra os 20 anos da súa primeira asemblea, que tivo lugar en febreiro de 1996. Desde aquela, moitas ideas, traballo, ilusións, persoas, proxectos, xuntanzas, plataformas, denuncias, encontros, campañas, cursos, propostas... e sempre na procura de mellorar a percepción, o discurso, a formación e o traballo a prol da lingua.

A CTNL é unha coordinadora de persoas, das persoas que traballamos, ou queremos traballar, na procura do incremento do uso e prestixio da lingua desde administracións ou desde entidades sociais diversas e variadas. Unha asociación voluntaria, e voluntarista, que naceu, principalmente, para intentar cubrir as deficiencias da administración no relativo á formación, á coordinación e á planificación no ámbito da normalización lingüística. O habitual non é que as persoas profesionais dun sector nos teñamos que organizar para formarnos. O lóxico non é que técnicas e técnicos nos teñamos que autoorganizar para procurar coordinar accións das entidades

e administracións en que traballamos. Seguramente o ideal non sexa que no tempo libre das persoas se planifiquen accións para desenvolver no ámbito laboral profesional. Mais, tivémolo que facer. Quixemos facelo. Fíxémolo.

Ao longo destes anos, da acción da CTNL naceron proxectos como o Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG), que se creou no seo do Consello da Cultura Galega; numerosos encontros, xornadas e accións formativas para mellorar a intervención para o fomento do uso e prestixio da lingua; ou proxectos e campañas como *Gústame o galego*; *Como cho digo :-)*; *Agasallo.eu*; *Que se vexa! o galego*; *Apego*, para a socialización en galego da infancia; ou *LGx15*, ideas para o futuro da lingua; entre moitas outras propostas.

E todo na procura de mellorar a percepción que a cidadanía ten da lingua e do seu fomento. Porque, como chiou este día o xornalista @DavidLombao, “os sorrisos normalmente poden aspirar a máis que os fociños retortos.”

Xa, vinte anos pouco non é, pero... Vinte anos non é nada! Así que..., o que queda!

Podés seguir a actividade da CTNL no web www.ctnl.gal, en Twitter (@ctnl) ou Facebook (CTNL - Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua).

Apoio maioritario á moción a favor do galego

Diversas forzas políticas con representación municipal e parlamentaria mostraron hoxe o seu apoio a unha moción que pretende “facer visíbel en Galiza e no mundo que somos maioría quen queremos poder exercer con total liberdade o dereito a vivirmos na nosa lingua, e que o pobo galego tamén quere que o seu goberno cumpra cos acordos tomados colectivamente e ratificados a nivel internacional como Carta Europea das Linguas”.

“O decreto está morto, ninguén o defende” sinalou Marcos Maceira, presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, en referencia ás posicións públicas das principais institucións culturais e educativas galegas, entre elas a Real Academia Galega, o Consello Escolar de Galiza, a maioría das ANPAS, os sindicatos, e agora por segunda vez o Consello de Europa, o que pon “gravemente en cuestión a fiabilidade internacional e o crédito político do goberno galego e en consecuencia de todas e todos nós”. Por isto, para a Mesa, “é urxente visibilizar que estamos unidas as organizacións políticas e as entidades sociais procurando que o noso goberno cumpra cos compromisos colectivos e internacionais sobre a lingua” e que “garanta plenamente a posibilidade de vivirmos en galego como mellor política de promoción do idioma”.

“A parálise da Xunta en relación á lingua é o motor do seu retroceso, por iso cómpre actuar para avanzar, con unidade arredor de aspectos básicos como o cumprimento do PXNLG e a Carta Europea, tal como se acordou na Declaración de Unidade asinada en xullo, e colocando a lingua como o que é: a principal obra colectiva, sinal de identidade e cohesión social do pobo galego, que precisa de ser cuestión de política nacional por riba das lexítimas diferenzas ideolóxicas”, aspecto no que coincidiron todas as forzas políticas presentes.

En representación dos partidos que

presentaran a moción nos concellos onde teñen representación acudiron: Xavier Xil Xardón (resp. Lingua de Anova-IN), Ana Pontón Mondelo (parlamentar do BNG), Fernando Alonso (secretario xeral de Coalición Galega), Consuelo Martínez (parlamentar de Cerna), Manol Vello (Executiva de Compromiso por Galicia), Xaime Requeixo (Executiva de Convergencia 21), Xabier Ron (parlamentar, membro executiva de Esquerda Unida), Xesús Manuel Suárez (presidente do Partido Galeguista), María Concepción Burgo (parlamentar do PSdG-PSOE), e enviaron a súa adhesión Terra Galega, Alternativa dos Veciños e Equo-Galiza.

A moción insta a Xunta de Galiza a:

- Cumprir con todas as recomendacións do Consello de Ministros e do Comité de Expertos do Consello de Europa, e exixir do Estado español a aplicación real dos seus compromisos en relación coa Carta, tal e como indica o Consello de Ministros.

CÓMPRE CREAR DE MANEIRA AMPLA E CONSENSUADA UN NOVO DECRETO PARA O USO DO GALEGO NO ENSINO

- Dar os pasos necesarios para cumprir co sinalado na liña 640 do informe que afirma que o decreto 79/2010 de plurilingüismo contradí o establecido na Carta, e o punto 5º da resolución do Consello de Ministros, onde sinala que a introdución dunha terceira lingua no ensino non pode afectar negativamente á propia.

- Elaborar de maneira ampla e consensuada un novo decreto para o uso do galego no ensino, que atenda aos principios de normalización lingüística, e acorde co sinalado na Carta Europea.

- Que mentres non se elabora o novo decreto, modifique o actual derogando os artigos que poñen límites ao uso do galego nas aulas, como as porcentaxes máximas de materias a impartir en galego nos centros e a prohibición de impartir na nosa lingua as materias científico-técnicas ou matemáticas.

- Garantir unha oferta ampla de liñas de ensino infantil en galego en todas as vilas e cidades.



A Mesa denuncia que a parálise da Xunta en relación ao galego é o motor do seu retroceso e empra a avanzar, con unidade, para situar a lingua como principal obra colectiva do país



Incumprimento da Carta europea das linguas



O Comité de Expertos do Consello de Europa para a Carta Europea das Linguas, tratado internacional ratificado polo Estado Español en 2001, vén de facer público o seu cuarto informe sobre o cumprimento da Carta no Estado Español. Este cuarto informe foi avaliado polo Comité de Ministros do Consello de Europa que á súa vez instou as autoridades españolas e galegas a cumpriren os acordos que sinala a devandita Carta.

O Consello de Europa reafirmase así nas conclusións que xa emitira no anterior período, publicado en 2012, considerando que os acordos sobre o tratado internacional non están cumpridos nin na educación infantil, nin na primaria, nin na secundaria, en relación ás limitacións impostas polo Decreto 79/2010 ao uso do galego no ensino.

A este respecto sinalan que o obxectivo de reducir a presenza do galego a 1/3 «entra claramente en contradición cos compromisos escollidos polas autoridades de acordo coa Carta que esixe a educación predominantemente en galego».

Para o ámbito da xustiza tanto o Comité de expertos como o Consello de Ministros instan a goberno estatal e autonómico a modificaren a lexislación para dar efectivo cumprimento ao uso do galego na xustiza e na administración.

Para a Mesa pola Normalización Lingüística a Xunta de Galiza non pode continuar facendo ouvidos xordos ao que lle está a dicir non só a sociedade

galega, senón tamén organismos da relevancia do Consello de Europa.

Para a Mesa, este informe “demonstra máis unha o nivel de agresividade contra o galego que se acadou na etapa actual da Xunta”, “o galego precisa feitos e accións concretas e non só declaracións de intencións”. “A política lingüística da Xunta é un ataque continuado ao galego, nomeadamente no ensino, aínda que non só”. O presidente Feixó debe mudar radicalmente o rumbo se non quere provocar un dano irreparable ao noso idioma”. “Non o dicimos só desde a Mesa, a sociedade lévallo dicindo ano tras ano e agora, outra vez, dinllo desde o Consello de Europa.”

Da Mesa tamén lembraron que “o Partido Popular é o partido que goberna en Galiza e que asinou o pasado 15 de xullo unha declaración a prol da normalización da lingua galega, promovida pola Mesa, na que as principais organizacións políticas galegas se comprometían a aplicaren os acordos nacionais e internacionais favorábeis a favor do galego”. Para a Mesa “a Carta Europea é un deses acordos incumpridos que compre activar xa para garantir o galego no ensino, na administración, na xustiza, nos medios de comunicación ou nas relacións de consumo”, polo que o presidente da Mesa instou ao Goberno do Partido Popular a cumprir todos e cada un dos acordos en relación ao galego, tal e como lle din desde Europa, e tal e como lle indica unha sociedade que nestes anos estivo permanentemente mobilizada a favor da súa lingua”.

Os acordos adoptados polo tratado internacional son incumpridos de maneira reiterada no ámbito do ensino debido ás limitacións ao uso do galego impostas polo Decreto 79/2010.

A xuízo a sanción contra Queremos Galego pola mobilización do 17M de 2013

A Delegación do Goberno impuxo unha sanción á plataforma cidadá Queremos Galego acusándoa de desperfectos e incidentes na manifestación do Día das Letras Galegas do 2013, observados presuntamente por policías malia as miles de persoas asistentes a través de redes sociais e os medios de comunicación teren sinalado o carácter pacífico e alegre desa e outras convocatorias da plataforma cidadá a favor da lingua galega.

Tras varios recursos rexeitados diante da Delegación do Goberno en Galiza e o Ministerio do Interior, o 5 de decembro do 2015 tivo lugar en Santiago o xuízo co que Queremos Galego continúa a recorrer a sanción imposta por supostos incidentes acontecidos na manifestación do 17 de maio de 2013, que nun ambiente alegre e reivindicativo percorreu as rúas da capital galega baixo o lema “non queremos ser estranxeiras na nosa patria”.

O portavoz de Queremos Galego e presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, Marcos Maceira, sinalou como “este ambiente festivo e reivindicativo foi destacado ao día seguinte por todos os medios de comunicación” e por comentarios de todo tipo por parte de miles de persoas nas diferentes redes sociais.

Para Queremos Galego, a denuncia dos supostos feitos por parte da policía e da Delegación do goberno, só se comprenden desde a utilización política das institucións a favor dos intereses do Partido Popular, naquel momento á fronte do Concello de Santiago, da Xunta e do Goberno do Estado.

Esta manipulación das institucións por parte do Partido Popular fora explicitada con anterioridade coa negativa municipal a permitir a colocación dun palco ou megafo-nía, o que foi recorrido no xulgado e gañado por Queremos Galego, ou

coa modificación sen tempo do percorrido notificado á Delegación do Goberno, coa pretensión de obstaculizar a reivindicación a favor da lingua galega.

Por desgraza, non se trataba de feitos isolados: as mesmas manobras contra as manifestacións a favor do galego por parte do PP repetíronse desde 2010, a única diferenza é que no 2013 engadiron unha multa.

Segundo o portavoz de Queremos galego “o PP, non contento con pór todos os medios para impedir que a manifestación a favor do galego transcorrese con normalidade, decidiu impo-ner unha sanción”. “Dóelles o galego e dóelles que a sociedade se mobilice para defendelo con alegría e pacificamente” sinalou, para resaltar que “na plataforma cidadá Queremos Galego non imos consentir unha sanción política contra o galego e contra a liberdade de expresión. Por iso recorremos aos xulgados”.

Non se pode permitir nunha sociedade democrática que o partido de goberno, o PP, manipule a policía e o Ministerio do Interior contra a mobilización social a favor da lingua galega. O Partido Popular ten que deixar de molestar as persoas e colectivos que queren exercer con normalidade a liberdade de expresión e neste caso concreto, os que defenden a lingua galega.

Sancións semellantes foron impostas a outros colectivos por feitos idénticos nas mesmas datas, en referencia á multa imposta á plataforma polo dereito a decidir das mulleres, “utilizando as institucións contra todos os colectivos sociais que se manifestaban contra as súas políticas”.

Maceira tamén defendeu a necesidade de defendermos a lingua galega como elemento de unión e para garantir a convivencia en condicións de igualdade dentro do pobo galego e nas relacións con outros pobos.

A DELEGACIÓN DO GOBERNO ACUSA QUEREMOS GALEGO DE COMETER DESPERFECTOS E PROVOCAR INCIDENTES



Queremos Galego non vai consentir unha sanción política contra o galego e contra a liberdade de expresión.

Galeguización da nosa lingua

Consultorio da liña do galego

Na Liña do Galego é frecuente recibir consultas sobre dereitos lingüísticos. É un servizo gratuíto aberto a toda a cidadanía, só cómpre enviar a consulta por correo-e ou por teléfono á Liña do Galego.

Estas son algunhas das dúbidas sobre os dereitos lingüísticos que resolvemos desde A Mesa: “Teño dereito a que unha persoa funcionaria da Administración do Estado me atenda en galego?” “Como podo galeguizar o meu apelido?” “Podo falar galego no meu traballo?” “A que administración me teño que dirixir para pór unha queixa pola vulneración dos meus dereitos lingüísticos?” “Existen modelos de contratos de alugueiro en galego?”

Unha das consultas máis frecuentes é sobre o proceso para galeguizar o nome.

Segundo o artigo 54, liña terceira, da Lei do 8 de xuño de 1957, do Rexistro Civil, alterado polo artigo 2 da Lei 40/1999, do 5 de novembro, sobre nome e apelidos e orde destes calquera persoa pode conseguir que o seu nome figure legalmente en galego con só cumprimentar unha sinxela tramitación. O descoñecemento desta cuestión, ou a infravaloración do significado deste proceso, provocou que aínda haxa moitas persoas que non utilizan esta posibilidade.

Consideramos que accións individuais como a galeguización do nome revisten unha grande importancia para o proceso de normalización da nosa lingua. Cada vez que unha persoa galeguiza o seu nome ou escolle un nome en galego para a súa filla ou fillo,

non só está amosando publicamente o seu compromiso co noso idioma, senón que tamén está incidindo, co seu comportamento na sociedade en xeral e, dun xeito particular, nas administracións encargadas de efectuar esta tramitación.

Se es maior de idade, só tes que solicitar por escrito no Rexistro Civil que che muden o nome polo equivalente en lingua galega. Moitas veces pediranche que presentes unha instancia (da que tes un modelo aquí: <http://www.amesa.gal/activate-defende-os-teus-dereitos/>) e, sempre, unha copia literal do teu certificado de nacemento. Nalgúns casos,

cada vez menos frecuentes, deberás acreditar a equivalencia entre o teu nome legal e o que solicitas.


Despois de mudares o teu nome no Rexistro Civil, cómpre que o corrixas tamén no documento de

identidade, para que

figuren nel as novas formas correctas e oficiais. Unha vez que o mudases no carné de identidade, podes ir realizando a mudanza na futura documentación.

A decisión de pórlle o nome en galego a unha filla ou fillo é moi importante pois con esa decisión pomos en valor as nosas orixes, o noso pasado e o noso futuro. Son moitos os nomes galegos polos que podemos optar como Aldara, Mencía, Antón, Uxía, Brais, Estevo... Na páxina da Mesa temos a caixa dos nomes onde podes consultar nomes, a súa orixe e o seu significado:

<http://www.amesa.gal/caixa/nomes/>



O consultorio da liña do galego atende consultas sobre dereitos lingüísticos e tramita queixas cara ás institucións, empresas... que os vulneran; así como parabeniza a quen dea pasos cara a garantir o dereito a vivir en galego.

O activismo social consegue mudar actitudes

Nos últimos días centos de persoas puxéronse en contacto por diferentes vías, entre elas twitter e facebook cos servizos de comunicación de Ford e Yoigo para comunicar o seu malestar polos desprezos ao galego que estaban a manifestar.

No caso de Ford pola emisión dun anuncio, onde co título de “El extraño circo de Ford” mostraba “rarezas” como un tigre de dúas cabezas, un home de dous metros de largo, ou unha cegoña que falaba galego. Ao parecer na multinacional automobilística, non lle parecía estraño abondo que unha cegoña falase. O raro, o gracioso, simpático e hilarante era que o fíxese en galego. Centos de persoas fíxeronlle saber a Ford que falar galego é absolutamente normal. Se as cegoñas realmente falaren, hai algún motivo para non o faceren en galego? Ford rematou por mudar a lingua da cegoña. Agora fala ruso. Polo visto que fale non sorprende en Ford.

O caso de Yoigo veu motivado pola exclusión do galego no servizo de atención e facturas da telefónica, tras anunciaren que si dispuñan de español, inglés, castelán e éus-

caro. Após recibiren unha onda de queixas simultáneas Yoigo comprometeuse publicamente a estudar a incorporación do galego á maior brevidade.

Carrefour tamén foi albo de críticas ao impedir que nenas e nenos puidesen escribir en galego a Carta aos Reis. A chuvia de persoas que manifestaron a súa disconformidade determinou que corrixisen rapidamente o “esquecemento”

A denuncia, mais sobre todo a participación colectiva na existencia de solucións ás discriminacións e exclusións da posibilidade de utilizarmos a nosa lingua, ou para que brincadeiras que non son tolerábeis con ningunha lingua (nin sequera co ruso), non o sexan tampouco co galego conseguen mudar actitudes e favorecer pasos pequenos, insuficientes, mais que coa pasividade non se darían.

Non son casos isolados. Recentemente queixas da Liña do Galego da Mesa conseguiron corrixir comportamentos inaceptábeis. Desculpas e o compromiso de Fnac, ou mesmo da comandancia da Garda Civil de Pontevedra, son outros exemplos. Entre tod@s conseguimos mudar as cousas. Continuamos!



A resposta social conseguiu que Ford rectificara un anuncio publicitario no que desprezaba o galego. Tamén logrou un compromiso de Yoigo para estudar a inclusión do galego nas súas facturas.

«Quixemos facer un disco no que o máis fermoso fose a palabra de Manuel María»

Fran Amil e a tribo incomprensíbel

puxéronlle música a diferentes poemas de Manuel María en *A voz do vento*. Un libro-CD que edita A Mesa pola Normalización Lingüística como homenaxe ao noso poeta nacional. O libro ilustrado por Jano componse de 11 temas.



Mónica Pazos

Que significa para ti Manuel María?

Xunto con figuras como as de Castelao, Celso Emilio Ferreiro, Rosalía, Curros, Xosé Manuel Pereiro, Manolo Rivas ou Xurxo Souto, Manuel María constitúe un incentivo para mergullarse na cultura e a literatura galega e apreender todo o que ten de fermoso e atraente, sen perder de ollo as arestas máis escuras da súa historia.

Persoalmente, penso que foi un exemplo de coherencia. Literaria e vital. Un amante do pobo, da terra, da natureza, da Galiza que percorreu continuamente e que reflectiu na súa obra recorrentemente.

Os libros que lin sacudiron a miña conciencia pola beleza aceda da súa actitude crítica, pola dignidade abraiante dun ser humano cunha sensibilidade tremenda, cuxo verbo é conmovedor e dunha fondura extrema.

Que aspectos da súa obra quixeches destacar neste disco?

Desde a tribo incomprensíbel quixemos plasmar a vixencia dalgúns dos feitos que glosou en libros escritos hai corenta anos ou máis e que, nun deses reiterativos ciclos desafortunados da vida, teñen similitudes con acontecementos de plena actualidade.

Quixemos deixar constancia tamén do canto de esperanza, orgullo e dignidade. E quixemos arroupar esas reflexións dun poeta espectacularmente moderno cunha música de corte contemporáneo no que o rock, blues ou pop tenten chamar a atención da xente máis nova, como reclamo para indagar na obra de Manuel María, que ten moitos tesouros agardando por todos e todas nós.

“UNHA MÚSICA QUE TENDE CHAMAR A ATENCIÓN DA XENTE MÁIS NOVA”

É difícil musicar poemas de Manuel María? Como foi o proceso de creación musical?

A poesía de Manuel María ten métrica e rima ben doada de musicar. Foi doado atoparlle melodía e facer os arranxos, xa que afortunadamente o traballo en equipo dos membros da tribo incomprensíbel deu lugar a cancións con reminiscencias do rock

progresivo, o blues ou o folk cun ton contemporáneo diferente. Quixemos facer un disco no que o máis fermoso fose a palabra de Manuel María e traballamos en todo momento con esa premisa na mente. O grupo de músicos que nos sumamos a este proxecto puxemos o mellor de nós para tentar facer un disco co que sentirnos a gusto e co inmenso respecto de pensar en que Manuel María é un referente moi querido por méritos propios.

Como é a tribo incomprensíbel?

A tribo incomprensíbel é a suma dos talentos inmensos de Paco Cerdeira (guitarras, coprodución, son...), Aarón Bouzón (EWI 4000, teclado, low whistle), Álex Bardanca (baixo eléctrico), Ricardo Casás (saxo alto, saxo tenor, clarinete baixo e trompeta) e eu mesmo (voz, batería e programacións electrónicas) nun contexto no que as cancións tomaron formas suxestivas e que estamos a ensaiar para presentar en directo. Con ese obxectivo, contamos con Ró Muñoz na batería, outro clásico da música galega contemporánea.

5. Con que colaboracións contaches neste proxecto?

Contamos con algunhas das voces

máis teimudas e comprometidas coa música galega contemporánea, a través do traballo que fan nos grupos nos que tocan ou tocaron nas súas extensas traxectorias, nalgúns casos e con xente emerxente que tamén leva tempo facendo cousas moi interesantes. Son os casos de Paula Romero, MJ Pérez, Belén Tajés, Antón Díaz, Boccia, Jasper, Xurxo Souto ou O Leo.

É unha escolma de All Stars do país. Hai moitas máis voces interesantes no panorama galego, sentímonos moi ben arroupados por estes referentes cos que crecemos e convivimos, descubriendo moitas cousas en común.

Ás veces creo que este libro-cd é unha especie de catálogo de historia pre-pos-Bravú, xa que vexo a Manuel María como poeta protobravú.

A música que se fai a día de hoxe en Galiza curiosamente non é difundida e amplificada en condicións por ningún tipo de industria musical, agás honrosas (e minoritarias) excepcións, coa de cartos que podería xerar a cultura musical en base ao talento de tantas persoas que están a facer cousas tan interesantes e tan sumidas no ostracismo da longa noite pétrea alleadora...

Fran Amil é músico, compositor e produtor coruñés. Pasou polos grupos Os Papaqueixos, Ruxe-Ruxe ou Diplomáticos de Monte Alto) e actualmente forma parte dos grupos Tres Trebóns e Ultrãqäns. É o cantante de Chuches Amil.